



Convenio Colectivo, a voltas coas categorías

A negociación está centrada na clasificación profesional.

As caixas aceptan o ascenso para os auxiliares ata Oficial Segunda aos 12 anos

Os titulados, os informáticos, os axudantes de aforro e de oficios varios, son categorías a extinguir.

A transposición das categorías en niveis, non pode traducirse nunha perda de dereitos nin de salarios.

Continua sen haber propostas patronais sobre suba salarial, emprego ou xornada laboral.

O Convenio Colectivo continúa centrado na Clasificación Profesional. A patronal reiterou as liñas básicas da súa proposta:

- Creación dun só grupo profesional que integre a todos os grupos e categorías actuais (Administrativos, Titulados e Informáticos).
- Transposición das actuais categorías profesionais en niveis con mobilidade funcional.
- Aceptan o ascenso para os auxiliares administrativos pero só ata o nivel equivalente á actual categoría de Oficial Segunda en 12 anos.

Dado que as categorías profesionais e a carreira profesional centran a negociación do convenio colectivo, é bo coñecer a evolución do emprego nas Caixas de Aforros por categorías laborais a nivel estatal, que presentamos na táboa seguinte:

	1992	2001	92-01	%
<i>Xefes</i>	17.275	31.098	13.823	80,01
<i>Oficiais</i>	35.786	37.237	1.451	4,05
<i>Auxiliares</i>	19.064	32.549	13.485	70,74
<i>Titulados</i>	671	627	-44	-6,56
<i>Informática</i>	2.906	2.199	-707	-24,33
<i>Axudantes Aforro</i>	2.893	916	-1.977	-68,34
<i>Outros</i>	3.437	712	-2.725	-79,28
<i>Persoal OBS*</i>	965	1.346	381	39,48

* Ao persoal da Obra Benéfico Social non se lle aplica o Convenio de Aforro.

A patronal trata de levar ao convenio colectivo o que xa é unha realidade no sector: os “titulados”, o “persoal de informática”, os “axudantes de aforros” e “oficios e actividades varias” son categorías a extinguir. Agora ben, a transformación das categorías en niveis, non pode traducirse nunha perda de dereitos nin de salarios. Para paliar esta perda a ACARL só oferta un “Plus Convenio” de 30.000 pts/ano.

O medre do número de auxiliares nun 70,74% fronte ao 4,05% do número de oficiais, demostra a falta dun sistema obxectivo de ascenso e promoción profesional como a CIG vén denunciando.

En materia de suba salarial, de xornada laboral ou de emprego, a patronal continúa sen facer propostas.